



MANUEL REGO NIETO

Nace en Moreiras de Toén en 1932.

Perito mercantil, Técnico de Administración na Deputación Provincial de Ourense, articulista e colaborador dos diarios “La Región” e “La Voz de Galicia”, (así mesmo colabora na prensa galega e en revistas de inspiración carlista). Ten publicados os seguintes libros: “Escritos”, 1973; “Ourense”, 1984; “El carlismo ourensano”, 1936-1980; “Pies de foto”, 1986; “Los hombres del circo (Aquellos ourensanos)”, 1992; “El festival del Miño. Ourense, 1965-1974”; “Feitos e ditos”, 1993; “Crónicas amigas”, 1994; “Del cambio al cambiazo”, 1994; “Los Borbón-Parma”, 1995.



Literatura - Contos populares

MEMORIA DUN POBO

Manuel Rego Nieto

No meu último libríño “Feitos e ditos” adicado ao meu primo Aurentino Canal, quixen recoller aquelas parolas, aqueles sucesos, certos ou non tanto, que aconteceron no meu pobo.

Estamos nuns momentos no que a xuventude dalle as costas ás tradicións, renega do saber popular, non lle interesan as labouras do campo, no que os seus pais e avós tiveron necesidade de facer un inxerte dunha cepa, dunha árbore...

A poucos se lles ocorre nesas poucas horas dentro ou fóra dos cafés ou das discotecas, rexurdir os xogos populares, pedirlle aos vellos unha “interpretación” dos bailes soltos ou agarrados...

Os programas das festas da meirande dos lugares, son un “calco”, uns dos outros. Cecais unha Banda de música, e logo a ringleira de orquestras que aboucan aos máis xordos. Nos programas escritos nótase a falta de colaboración sobor das xentes vivas ou mortas, que tiveron sona no pobo, ben pola súa entrega a un quefacer cultural, artístico ou de outra índole. A “memoria” de moitos lugares –uns que camiñan cara a “morte” pola desmandada dos máis novos, outros pola falta de interés dos veciños–, estase a perder. E chegarán os tempos –non son chegados– en que ningún saiba darlle aos fillos o por que se chama o lugar de nacemento diles; serán xentes sen antepasados, sen historia...

Así pois, no meu libríño “Feitos e ditos”, así como nos programas escritos de moitas das festas da miña aldea, San Pedro de Moreiras, quedaron para o porvir, todo aquilo que configurou a paisaxe, o carácter e máis a condición do



lugar e das xentes. E coma non, o recordo de quen fixeron camiño para darlle xeito a nosa cultura. ¡Xa non, pouco...! ¿Non si? Velaí vai un exemplo.

REVELACIÓN DUN AMIGO QUE FOI..

Conocín a Pepe Suárez, un fotógrafo e xornalista de Allariz, que andivo medio mundo, e sobor de todo estivo moito tempo nas “américas”.

Tiven que faguer co il, e máis con dous amigos, un longo viaxe por as Estacións de Inverno do Pirineo Español, francés e andorrano. Tivemos tempo e tempo, de falares do diviño e máis do humano. ¡Era un home cabal...! Mais tiña a ialma ferida por esas labazadas que dá a vida, e das cales tarde ou endexamais se repón un delas. Era home crítico. Sin concesións pra ninguén. Había arribado a nosa cidade, e dende a súa mesa do Café Miño, na rúa do Paseo, escoitaba a uns e outros falar de todos...

Na viaxe que fixemos aos Pirineos, pra trazar o que logo sería a Estación de Montaña de Manzaneda, il que era esperto en neve e había sido esquiador, e tiña fotografías fermosas, que Eduardo Roldán o director da Estación de Candanchú en Huesca, tivo que dicir: “Estas fotografías tuvo que hacerlas alguien que fue gran esquiador”. E o Suárez caíanlle as bágoas ao sentilo. Naquil viaxe, díxome ao “radiografiar” as xentes do nosa cidade: “¿Sabe vostede, Rego, que en Ourense hai un home que cree en San Rosendo...?”



ISAAC ALONSO ESTRAVÍS

É natural de Vila Seca, A Limia-Ourense, onde nasceu o
26 de Janeiro do 1938.

Está licenciado em Filosofia polas
Universidades de Comilhas e
Complutense de Madrid e em
Românicas pola Universidade de
Lisboa. Tem em fase de elaboração
a tese de doutoramento sobre “*A
fala dos concelhos de Quedro e
Trasmiras*” pola Universidade de
Santiago. É Professor de Didáctica
na E.U.F.P. de Ourense e autor de o
“*Diccionário da Língua Galega*” e
de Estudos Filológicos, entre outras
publicações.

